



BORRADOR
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
11 DE XANEIRO DE 2017

ASISTENTES:**Presidenta:**D^a María Ramallo Vázquez**Concelleiros/as presentes:**

D. Manuel Santos Costa
D. Francisco J. Estévez Salazar
D^a. M^a. Cristina Acuña González
D^a. M^a. Antonia Sanmartín García
D. Antonio Traba Miñones
D. Pablo Novas Caballero
D^a. M^a José de Pazo Allariz

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo ás 14:00 horas do día **11 de xaneiro de 2017**, baixo a presidencia da Alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnense os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

Secretaria:D^a. Paula Costas Romero.**1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 4 de xaneiro de 2017.**

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 4 de xaneiro de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

2.- Licenzas

Expte.: 299/13 LU - D. DAVID GIL DOPAZO. Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar, sita en lugar de O Monte 125-B, Mogor – Marín. Examinado o expediente de referencia e de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercizo das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a D. DAVID GIL DOPAZO licenza de primeira ocupación da vivenda composta de planta baixa destinada a cociña, salón-comedor, 1 dormitorio, 1 baño, lavadoiro-tendal, garaxe e cartto de instalacións e planta primeira distribuída en 1 dormitorio, 1 baño, 2 terrazas, cunha superficie construída total de 196,92 m², no lugar de O Monte 125-B, Mogor, que obtivo licenza de construción por acordo da Xunta de Goberno Local do 12/03/15, todo á vista da constancia no expediente de referencia de:

- Certificado final de obra, asinado polo arquitecto técnico D. Alejandro Luis Sánchez e polo arquitecto D. José Luis Pichel Fernández, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data de 28/10/16 segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve.
- Visita de comprobación xirada en data de 14/11/16 pola técnico municipal competente, logo da que é emitido informe en data de 03/01/17, en senso favorable á concesión da licencia de primeira ocupación da vivenda sita no lugar de O Monte 125B, Mogor, Marín, unha vez revisada a documentación achegada.

A presente licenza de primeira ocupación concédese, segundo o tenor literal e descripción do informe técnico antedito de 03/01/17, do inmobile sito no lugar de O Monte 125-B, Mogor, Marín.

En todo caso a concesión da licenza de primeira ocupación ampara aqueles usos que sexan acordes co planeamento urbanístico.



Expte.: 238/16 LU - D. JOSÉ RAMÓN ARGIBAY SIERRA. Licenza de legalización de obras de ampliación dunha vivenda dúplex en baixo cuberta, sita na rúa Méndez Núñez, nº 60, 4º D – Marín.

Considerando que con data de 09/08/16, tiña entrada no Concello solicitude de licenza para legalización de obras de ampliación (mediante a adición dun trasteiro superior) dunha vivenda dúplex na rúa Méndez Núñez nº 60, 4º D, Marín, presentada por D. José Ramón Argibay Sierra.

Sometido a informe xurídico este emítese en data de 21/12/16 , do seguinte tenor literal:

"(...) Sometido a informe da arquitecta municipal de 21/12/16 resulta que:

(...) Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27.06.2012, e publicado no BOP n.º 198 do 15.10.2012 o solo está clasificado como Solo urbano de uso residencial xenérico.

O edificio construído no que se solicitan as obras non está fora de ordenación, unha vez comprobado o plano SER-4.

Segundo o artigo 133 das Normas Urbanísticas do PXOM, no seu punto 4, sobre condicións de aproveitamento baixo cuberta:

"4. CONDICIÓNS DE APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA.

Os baleiros resultantes baixo cuberta realmente construída poderán ser utilizados para os usos seguintes:

e) Uso de vivenda baixo cuberta, coas características que se reflicten no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

O acceso á planta baixo cuberta deberá realizarse única e exclusivamente a través da caixa de escaleiras do edificio, agás que o uso fose vivenda, en cuxo caso tamén se poderá acceder polo interior das vivendas inferiores, quedando vinculadas ambas as dúas."

Polo que a nivel urbanístico a ampliación da vivenda co trasteiro superior é viable se se cumpre coa normativa de habitabilidade Decreto 29/2010.

Presentan en data 07.11.2016 documentación anexa visada en data 03.11.2016.

Nesta nova documentación anexa visada en data 03.11.2016, solicítase a excepcionalidade do cumprimento do Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, para a iluminación do dormitorio (estancia E2), igualmente solicita a excepcionalidade da altura libre, dado que a altura libre máxima existente no baixo cuberta do edificio é de 2,40 m.

Mais o Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, recolle no punto I.A.2.4. Alturas mínimas. d) o seguinte:

"d) En actuacións de rehabilitación de edificios ou vivendas, agás no caso de que se modifique a posición dos forxados existentes ou se proceda a adaptar para uso de vivenda os locais que non tiñan o dito uso, poderán manterse as alturas existentes, aínda que non se cumpra coas alturas anteriormente indicadas."

Non resulta posible a excepcionalidade da altura libre mínima, cando se adapta para uso de vivenda locais que non tiñan dito uso.

Polo que se informa DESFAVORABLEMENTE a legalización de obras de ampliación (mediante a adición dun trasteiro superior) dunha vivenda dúplex na rúa Méndez Núñez nº 60, 4º D, segundo o proxecto de legalización redactado pola arquitecta Noelia Varela Amigo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 29.07.2016 e documentación anexa visada en data 03.11.2016 (...)"

*Toda licenza urbanística constitúe un acto administrativo de carácter reglado, a través do cal se autoriza, ou denega no seu caso, unha determinada actuación, tras comprobar e controlar que se axusta **enteiramente ó ordeamento xurídico aplicable** (nesta liña a Sentenza do Tribunal Supremo. Sala do Contencioso, STS 5820/1999, nº de recurso 763/1992).*

As licenzas de obras deben outorgarse de acordo co establecido na lexislación urbanística e de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27/06/12 e publicado no BOP nº 198 do 15/10/12, por canto se



trata dunha actividade municipal regrada e sempre de conformidade coa normativa vixente no momento da súa concesión por acto expreso ou silencio administrativo.

Segundo o tenor do art. 357.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, " As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran".

No suposto en cuestión, tal e como se reflexa no informe da arquitecta municipal de 21/12/16 "Non resulta posible a excepcionalidade da altura libre mínima, cando se adapta para uso de vivenda locais que non tiñan dito uso".

En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, procede denegar a licenza solicitada (...)"

En consecuencia, á vista do establecido polo art. 357.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e de conformidade co informe xurídico de data 05/01/17, a Xunta de Goberno Local no exercicio das atribucións delegadas por Resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOPP nº 127 de 6/07/2015), por unanimidade **ACORDA:**

DENEGAR a licenza de legalización de obras de ampliación (mediante a adición dun trasteiro superior) dunha vivenda dúplex na rúa Méndez Núñez nº 60, 4º D, segundo o proxecto de legalización redactado pola arquitecta Noelia Varela Amigo visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 29/07/2016 e documentación anexa visada en data 03/11/2016, dados os argumentos anteriormente expostos, posto que, de acordo co Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (punto I.A.2.4. letra d) "Alturas mínimas") «...Non resulta posible a excepcionalidade da altura libre mínima, cando se adapta para uso de vivenda locais que non tiñan dito uso».

Expte.: 329/16 LU – D^a. M^a DEL CARMEN GARCÍA RODRÍGUEZ. Licenza para rehabilitación de cuberta na vivenda sita na Barriada de Santa María do Porto nº 56 -1º B – Marín. Examinado o expediente de referencia e de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a Dna. **MARÍA DEL CARMEN GARCÍA RODRÍGUEZ** licenza de obra maior para rehabilitación de cuberta (estrutura e material de cobertura, incorporando illamento, incrementando a pendente actual de 32,49% ao 40%) na vivenda sita na Barriada de Santa María do Porto nº 56 – 1º B, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Pascual Rivero Veiga, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 20/10/2016.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 17 do Decreto 28/99 que aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, segundo informe da arquitecta técnica municipal de data 13 de decembro de 2016:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo urbano de uso residencial xenérico con ordenanza específica.
- Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Rehabilitación de cuberta
- Contía na que se orzan as obras: 7.802,49 euros.
- Situación e emprazamento das obras: Bda. Virxe do Porto, 56 -1ª B- Marín
- Nome ou razón social do promotor: M^a del Carmen García Rodríguez.
- Técnico autor do proxecto e director das obras: Pascual Rivero Veiga (Arquitecto).

2.- Condicións xerais:

- Prazo** para o inicio e finalización das obras: Para o inicio das obras, dentro dos seis meses seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interrompese as obras por tempo superior a seis meses.



- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licencia.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licencia por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licencia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licencia entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso de tres anos sen que se iniciaran as obras, e deberá obterse nova licencia axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o construtor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as ordenes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.
- A presente licencia outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estrita suxeición ós termos expostos e sen prexuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que puideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de naturaliza urbanística, a presente licenza é acto inscribible.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licencia e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador por infracción urbanística, sen prexuízo do resarcimento de danos e prexuízos que poidan producirse.

3.- Contratación:

Expte.: 603/15 (J) – Proposta da mesa de contratación de clasificación de ofertas e requirimento de documentación ao licitador proposto como adxudicatario, en relación ao expediente de contratación da obra de “REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS EN CAMIÑOS DO RURAL DE MARÍN 2016”, con cargo ao Plan dos Concello 2016.

Á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación, correspondente ao proceso licitatorio convocado por esta Corporación para adxudicar, mediante procedemento negociado sen publicidade, a execución das obras **“REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS EN CAMIÑOS DO RURAL DE MARÍN 2016”**, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 6/07/2015) por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Clasificar, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais (todas a excepción da presentada por NEXIA, S.L.U.), atendendo aos criterios de valoración sinalados na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas desta contratación, tal e como segue:

LICITADOR	Prezo (80 pts)	Redución do prazo de execución (10 pts)	Ampliación do prazo mín. de garantía (10 pts)	Puntuación prezo (p= 80 * (mejor oferta / oferta a valorar))	Puntuación prazo	Puntuación Garantía	TOTAL	Posición
-----------	----------------	---	---	--	------------------	---------------------	-------	----------



FONTEFRÍA	70.000,00	16	5	80,00	4,38	10,00	94,38	1
NAROM	73.647,20	15	3	76,04	4,67	6,00	86,70	2
CALDEVERGAZO	82.000,00	7	4	68,29	10,00	8,00	86,29	3
COVSA	82.018,27	19	5	68,28	3,68	10,00	81,96	4
CASAS	84.168,22	21	1	66,53	0,00	2,00	68,53	5
SERV. AMB. MIÑO	87.000,00	21	0	64,37	0,00	0,00	64,37	6
ACTV. CONSTRUCC. VIALES	87.130,67	21	0	64,27	0,00	0,00	64,27	7

SEGUNDO: Propoñer como adxudicatario do contrato para a execución da obra "**REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS EN CAMIÑOS DO RURAL 2016**", incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan dos Concello) 2016, á empresa "**OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA S.L.U.**", con CIF B36371227, polo prezo e condicións que se expresan a continuación, ademais do resto das previstas nos pregos e na súa oferta:

- Prezo: **84.700,00 €** (prezo ofertado sen IVE: 70.000,00 €; 21% IVE: 14.700,00 €)
- Compromiso de executar o contrato no prazo de **DEZASEIS (16) días naturais**, contados dende a comprobación do replanteo, o que supón unha redución de cinco (5) días naturais, respecto do prazo de execución previsto no proxecto.
- Garantía: de **SEIS (6) anos**, o que supón un aumento de **cinco (5) anos adicionais**, respecto do prazo de garantía mínimo de un (1) ano, indicado nos pregos.

Considérase que a oferta presentada por "**OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA S.L.U.**", é a economicamente máis vantaxosa para os intereses municipais, de acordo co baremo recollido no prego de cláusulas administrativas, de entre os licitadores admitidos á licitación, e iso tras obter a maior puntuación nos criterios aritméticos de valoración.

TERCEIRO: Requirit a "**OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA SLU**", por ter presentado a oferta economicamente máis vantaxosa, para que, a tenor do previsto no art. 151.2 do TRLCSP, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

1.- Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.

- a) Escritura de constitución ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda. Engadirase, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores.
- b) Fotocopia compulsada do DNI do representante.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal (CIF).

2.- Poder notarial bastantado pola Secretaria do Concello de Marín ou funcionario habilitado de dita entidade, inscrito no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas.

A achega da mera dilixencia de bastantado do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastantado do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do Art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terlle sido revogado con data posterior.

3.- Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibicións ou incompatibilidades para contratar coa Administración que inclúa a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, axustado ao seguinte modelo:



D./D^a..... con DNI.....e domicilio en..... actuando en nome propio ou en representación de con domicilio en....., e en relación co contrato de execución da obras (Título).....

Declara:

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art.60 e 146.1.c do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do propoñente).

4.-Acreditación da solvencia económica e financeira mediante a “xustificación do volumen anual de negocios”. O volumen anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito e dito rexistro e, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. (art. 75.1. a) do TRLCSP).

Criterio mínimo de solvencia: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira si o volumen anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos, sexa alo menos unha vez e media o valor estimado do contrato.

5.- Acreditación da solvencia técnica e profesional mediante a "relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estos certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará si se realizaron según as regras polas que se rixe a profesión e se levaron normalmente a bo termo." (art. 76.1. a) do TRLCSP). Cando o destinatario sexa unha entidade privada, achegarase certificado expedida por esta ou, a falta deste certificado, unha declaración do empresario.

Criterio mínimo de solvencia: Entenderase xustificada a solvencia técnica cando o licitador acredite ter efectuado traballos similares ao obxecto do presente contrato cuxa contía, individual o en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado do contrato.

6.- Certificación positiva expedida pola Tesorería da Seguridade Social, prevista nos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

7.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, prevista nos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagos das súas obrigas tributarias.

8.- Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

9.-Certificación positiva de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda do Concello de Marín.

10.- Certificación actualizada do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade de Galicia, que acredite, a teor do reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial e solvencia económica e financeira, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo, **acompañado á mesma unha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas en dito certificado non experimentaron variación.**

11.-Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE. Esta garantía poderá constituírse por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP (excepto retención do prezo), debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos artigos 55 a 58 do RD 1098/01, incluídos os anexos a que se refiren tales preceptos.

CUARTO: De non cumprimentarse adecuadamente o anterior requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.



Igual consecuencia procederá por inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como pola inadecuación ou insuficiencia de tales para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características do contrato. Iso sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

QUINTO: Unha vez unha vez cumpridos estes requisitos, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da documentación.

SEXTO: Notifíquese o presente requirimento ao licitador que presentou a oferta máis vantaxosa e publíquese no Perfil do Contratante do Concello, facendo constar que, contra este acordo de clasificación e requirimento de documentación, previsto no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro, por ser de trámite, non cabe interpoñer recurso algún, se ben, os interesados poderán alegar a súa oposición ao mesmo, para a súa consideración no acordo motivado de adxudicación do contrato, que será notificado oportunamente a todos os licitadores, con indicación dos recursos que procedan.

4.- Subvencións.

Expte.: 4/15(C) .- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da aprobación da addenda para prorrogar as actuacións derivadas do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín para levar a cabo o proxecto “Reforma da rúa Alcalde José del Río”, incluído no PPOS/15.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinario do día 23 de decembro de 2016, relativo á aprobación da addenda para prorrogar, ata o 31 de decembro de 2017, a vixencia do convenio de colaboración asinado o 22 de xuño de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín, para levar a cabo a obra “*Reforma da rúa Alcalde José del Río*”, incluído no PPOS/15, condicionando a efectividade de dito acordo á aprobación da prórroga do PPOS/15, dado que parte do financiamento provén dunha subvención outorgada con cargo ó devandito programa.

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 671/16 (A) .- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DOS CONCELLOS) 2017, Solicitud de subvención destinada á contratación de persoal para o “Servizo de apoio a obras públicas e conserxería”, Liña 3.

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local, por unimidade acorda:

Primeiro. Realizar a finalidade obxecto da subvención destinada á contratación de persoal para o “*Servizo de apoio a obras públicas e conserxería*”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo. Aprobar a memoria descritiva denominada “*Memoria global dos servizos a desenvolver*”, cuxo orzamento total, IVE incluído, ascende a 156.181,94 euros.

Terceiro. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 152.483,02 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 3.428,78 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

Quinto. Declarar que:

1. Este Concello non solicitou nin recibiu outras axudas ou subvencións, procedentes de organismos públicos ou entidades privadas, coa mesma finalidade. Así mesmo, este Concello asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.



2. Non consta ningunha resolución ou acordo de que o Concello estea incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.
3. Este Concello está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sexto. Declarar que a finalidade subvencionable é competencia municipal (artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

4.- Subvencións.

Expte.: 4/15(C) .- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da aprobación da addenda para prorrogar as actuacións derivadas do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín para levar a cabo o proxecto “Reforma da rúa Alcalde José del Río”, incluído no PPOS/15.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinario de data 23 de decembro de 2016, de aprobación da addenda para prorrogar as actuacións derivadas do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín, asinado o 22 de xuño de 2015, para levar a cabo o proxecto “Reforma da rúa Alcalde José del Río”, incluído no PPOS/15.

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 671/16 (A) .- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DOS CONCELLOS) 2017, Solicitud de subvención destinada á contratación de persoal para o “Servizo de apoio a obras públicas e conserxería”, Liña 3.

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro. Realizar a finalidade obxecto da subvención destinada á contratación de persoal para o “*Servizo de apoio a obras públicas e conserxería*”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo. Aprobar a “*Memoria global dos servizos a desenvolver*”, cuxo orzamento total, IVE incluído, ascende a 156.181,94 euros.

Terceiro. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 152.483,02 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017.

Cuarto. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 3.428,78 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega

Quinto. Declarar que:

4. A este concello non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade, asumindo o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.
5. Non consta ningunha resolución ou acordo de que o Concello está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.
6. Este Concello está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; ao mesmo tempo, autorizo a Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que represento está ao corrente coas obrigas contraídas con estas administracións.

Sexto. Declarar que a finalidade subvencionable é competencia municipal (artigo 7 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Expte.: 694/16.- CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA. Dación de contas da Orde do 23 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos.

Dáse conta da Orde do 23 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases



reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativos Feder Galicia 2014-2020, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concello galegos.(DOG Núm. 249 do 30 de decembro de 2016).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 6/17.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Dación de contas da Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Dáse conta da Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG Núm. 5 do 9 de xaneiro de 2017).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

Expte.: 7/17.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Dación de contas da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Dáse conta da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG Núm. 4 do 5 de xaneiro de 2017).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

5.- Rogos e preguntas. Non se formularon.

Sendo as 14:40 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa-Presidenta, procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero.